

Traballo trimestral 4º ESO (2º trimestre)

Entregar antes do 20 de febreiro!!

Que son as terras raras?

Debuxa unha táboa periódica e marca nela os elementos da táboa que se consideran “terras raras”.

Que son os minerais críticos? Coinciden coas terras raras? Cales son os minerais?

Debuxa un mapa do mundo e colorea aqueles lugares onde hai maior abundancia destes elementos.

No noso país, en que lugares temos este tipo de “terras raras”?

Busca ou elabora un mapa da península Ibérica na que identifiques explotacións mineiras ao longo da historia (dende a prehistoria ata a II guerra mundial). Emprega un código de cores para cada época histórica.

Que minerais quere a Unión Europea que explotemos agora no noso país?

Fai unha táboa (canto máis completa mellor):

Mineral	Elemento a explotar	Usos	Lugar onde se explota

Que importancia xeoestratéxica teñen: Groenlandia, China, Ucraína para Rusia ou USA?

Agora centrémonos:

- a) Diamantes negros.- que son, de onde se extraen, en que condicións traballan nesas minas...
- b) Coltán.- que é, en que lugares do mundo se extraen, que usos ten...
- c) Ouro na Amazonía.- como se extrae, que contaminante producen, como afecta ao medioambiente.

Cando unha extracción deixa de ser rendible, as empresas que o explotaron deben recuperar os lugares. Investiga o que fixeron en As Pontes de García Rodríguez. Que se extraía de aí, como recuperaron a zona, canto tardaron...

E en O Porriño, que vai pasar cando remate a extracción de granito?